

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR

CURSO: 2019-2020

MATERIAS: INGLÉS

NIVEL: Infantil

DATA: 6 MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ol style="list-style-type: none">1. Mostra interese na elaboración das tarefas asignadas polo mestre da materia.2. Discirne o vocabulario presentado nas actividades orais neste caso de listenings (vídeos) entregados.	<ol style="list-style-type: none">1. Comprende o sentido global e a información máis importante das mensaxes orais con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da internet.2. Entende mensaxes orais sinxelas (listenings), organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal.3. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información oral.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Realización de actividades na plataforma virtual Google Classroom onde visualizarán cancións que axudarán ao repaso do vocabulario relacionado con: ordes, números, cores, froitas, etc. Tamén poderán imprimir fichas para colorear, facer trazos ou unir con frechas coa fin de repasar o vocabulario aprendido.
	Instrumentos: Fichas, ordenador, tableta ou teléfono móbil e conexión á internet para a realización das actividades elaboradas polo mestre da materia.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Debido á situación especial que vivimos e que algún alumno presenta dificultades para poder conectarse á internet, e ao ser un curso especial debido ás características que presenta este alumnado, a cualificación final será a mesma nota obtida na segunda avaliación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	O mestre levará a cabo actividades dixitais na aula virtual de Google Classroom.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Debido a esta situación extraordinaria, vémonos na obriga de levar a cabo unha metodoloxía individual onde as actividades que publicaremos na Aula Virtual constarán de vídeos con cancións para repasar os contidos levados a cabo ao longo do curso e fichas para imprimir (se fose posible) coa fin de colorear, facer trazos, unir con frechas, unir puntos, para traballar o vocabulario aprendido.
Materiais e recursos	Fichas, ordenador, tabletas, móbiles e conexión á internet.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

O mestre ponse en contacto co alumnado e familias a través de diferentes vías: **correo electrónico, Whatsapp, Google Classroom ou teléfono móbil.**
A comunidade está informada, en todo momento, das actividades que imos realizar así como de onde e como deberán de ser feitas.
Se xurdise algunha dúbida ou problema, esta ou este sería resolvido despois dunha chamada telefónica, unha mensaxe ou o estipulado entre ambas as dúas partes.

Publicidade

Información publicada na páxina web do centro:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/>